

CELEBRACIÓN REVOLTA 2024

“POR UNHA IGREXA SINODAL: COMUNIÓN, PARTICIPACIÓN E MISIÓN”

Benvidas a todas e todos que hoxe vides celebrar que nosa Igrexa é unha comunidade de iguais, onde todos os membros somos necesarios. Estamos aquí como a Revolta das Mulleres na Igrexa. Fagamos un breve repaso do que iso significa.

Desde a gran manifestación-folga do 8 de marzo de 2018, na que tamén participamos as mulleres cristiás, os grupos católicos decidimos levar as reivindicacións a unha Igrexa na que hai abusos, inxustiza e falta de recoñecemento da dignidade das mulleres.

Desde entón comprometémosnos a realizar unha mobilización propia anual en torno ao 8M acompañada dun manifesto no que facemos públicas as nosas denuncias e os nosos desexos, que foron expostos nos bispados de todas as dioceses das diferentes CCAA para que sexan coñecidas por todas as comunidades cristiás.

Como dixemos, o noso maior desexo é que a Igrexa sexa unha comunidade de iguais, ao modo de Xesús. Sabemos que no noso día a día isto aínda non é así, por iso hoxe é unha xornada reivindicativa, na que imos dicir ben alto: “Ata que a dignidade, a xustiza e o coidado da casa común se fagan costume na Igrexa”

Así pois, lembramos que, desde o 2021, fomos convidadas e convidados a vivir nunha Igrexa sinodal; é dicir, unha Igrexa na que cabemos “todos, todos, todos” e tamén “todas, todas, todas”.

Unha Igrexa que celebra a diversidade, a diferenza, sendo un só corazón e unha soa comunidade. Para que? Para anunciar o Evanxeo non concentrándose en si mesma, senón poñéndose ao servizo do amor infinito co que Deus ama o mundo.

Iso é o que vemos en Xesús de Nazaret, cando escoitamos o evanxeo. Iso é o que aprendemos das primeiras comunidades cristiás.

E para iso, hai que deixar paso a tantas e tantas mulleres que están na Igrexa, que nela serven, forman, curan, anuncian, pero a quen non se escoita, porque a nosa Igrexa piramidal e clerical as oculta e só dá voz aos pastores.

E ese silenciamento deixa sen voz, sen rostro, a tantas e tantas mulleres que, dentro da Igrexa e fóra dela, sofren violencia, abuso, malos tratos, que son as primeiras vítimas nas guerras, nas crises económicas, nas batallas polo poder. Mulleres pobres, indíxenas, negras, xitanas, nais solteiras, mulleres abandonadas a cargo dos seus fillos, violadas, humilladas, abusadas, desafiuzadas, excluídas,... que deberían atopar o seu lugar, a súa casa, o seu espazo de encontro e escoita na comunidade cristiá, como nos mostra Xesús de Nazaret.

Manifesto

A Revolta crece e faise notar na sociedade e na Igrexa.

Desde o mes de marzo de 2020, cando por primeira vez a Revolta de Mujeres na Iglesia-Alcem a veu saímos á rúa ata este ano 2024, notamos cambios na Igrexa relacionados moi directamente coas nosas reivindicacións. Velaquí algúns deses logros:

Neste tempo estamos a asistir a un crecemento do noso movemento de mulleres. O primeiro ano que saímos á rúa, en 2020, organizáronse actos e concentracións de mulleres en revolta en oito cidades. Tres delas non puideron saír por respecto ao decreto de confinamento que nos encerrou en casa ese mes. En 2021 en 12 cidades secundouse a mobilización. O ano pasado a revolta saía á rúa diante de catedrais e igrexas en 20 lugares.

Este ano saímos á rúa en 24 cidades: Alacante, Badaxoz, Barcelona, Bilbo, Burgos, Cabra, Ciutadella, Córdoba, Donostia, Las Palmas de Gran Canaria, Granada, Huelva, Logroño, Málaga, Madrid, Oviedo, Salamanca, Santander, Santiago de Compostela, Sevilla, Valencia, Gasteiz, Vigo e Zaragoza. En todas estas cidades existen grupos organizados que van estendendo a Revolta por todo o estado español.

As mulleres en Revolta traballamos en horizontalidade, compartindo celebracións, materiais e reflexións. Internet é nosa aliada na interacción entre todas independentemente do lugar no que residamos.

Un equipo de mulleres da Revolta plasmou en 2022 a nosa historia, esperanzas e reivindicacións nun libro: Revolta das mulleres na Igrexa. Alzamos a voz, que vai xa pola segunda edición e do que presentamos e compartimos 2.000 exemplares.

Neste tempo vimos como no mundo enteiro organizabamos un movemento sinodal de mulleres para elaborar un documento que incidía en cinco temas que nos parece de xustiza revisar no desenvolvemento pastoral de nosa Igrexa. Estes temas son:

- Situación das mulleres na Iglesia,
- Poder, participación e representación,
- Estrutura e transparencia,
- Vida sacramental
- Resistencia e esperanza

Os documentos de conclusións elaborados neste Sínodo Internacional de Mulleres foron entregados nas nosas dioceses e na aula conciliar do Vaticano onde viaxaron representantes das mulleres de todo o mundo.

Froito directo deste traballo foi que, por primeira vez na historia da Igrexa, as mulleres tivemos voto no Sínodo da Sinodalidade.

Ademais, vimos ao Papa Francisco reunirse con mulleres, nomealas para cargos de responsabilidade ao máis alto nivel, pedir a desmasculinización da Igrexa e mesmo convocar a tres mulleres e a unha obispa protestante a participar no Consello de Cardeais.

Tamén vimos como o grupo da Revolta de Madrid creou unha Comisión para o estudo e denuncia dos abusos a mulleres adultas, comisión que elevou un informe ao defensor do pobo e que está a traballar na sensibilización e atención ás mulleres vítimas de abusos na Igrexa.

Na liña da formación en teoloxía feminista funciona xa on-line o Seminario de Mujeres en Diálogo e de forma presencial temos aberta unha Escola de Teoloxía Feminista en Madrid e Espazos de Teoloxía Feminista en Santiago de Compostela e Vigo.

A Revolta crece por contaxio. Estamos a facer un traballo continuo de difusión, polo que estamos a ser escoitadas e demandadas en diferentes ámbitos, en parroquias, barrios, cidades, por colectivos de Igrexa e tamén extraeclesiais, feministas e ligados a movementos sociais...

Vimos de lonxe, somos moitas, e alzamos a voz para dicir abonda xa e esixir unha Igrexa nova que este 3 de marzo de 2024 dá un novo paso adiante.